

ADDENDA PROTOCOLO COMEDOR.

FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS PARA O PERSOAL COLABORADOR NO COMEDOR ESCOLAR.

As faltas gradúanse do seguinte xeito:

1.- FALTAS LEVES.

- Non colaborar axeitadamente nas tarefas do comedor que lle foron encomendadas, nin manter a orde nas mesas ou zonas asignadas.
- Acceder a zonas, espazos ou instalacións non autorizados.
- Falta de puntualidade.

2.- FALTAS GRAVES.

- Acumulación de 3 faltas leves.
- Non obedecer as indicacións do persoal encargado ou responsable do comedor.
- Non coidar ou facer mal uso dos materiais e bens do comedor.
- Abandonar o comedor deixando desatendido o posto sen comunicalo ao encargado de comedor.
- Sair do Centro Educativo sen permiso, durante o horario de comedor.
- Actos de desconsideración cara outros membros da comunidade educativa: Alumnos/as, nais/pais/titores legais, persoal docente e non docente, persoal laboral e colaboradores de comedor.

3.- FALTAS MOI GRAVES.

- Acumulación de 3 faltas graves.
- Actos de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social contra calquera membro da comunidade educativa.
- Acoso físico ou moral que afecte á integridade de calquera membro da comunidade educativa,

- Condutas que consistan en agresión física ou verbal a calquera membro da comunidade educativa.

- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- Cometer actos de furto ou roubo de materiais ou bens do comedor.

As medidas correctoras aplicables son as seguintes:

1.- FRONTE AS FALTAS LEVES.

- Amoestación verbal.

2.- FRONTE AS FALTAS GRAVES.

- Amoestación por escrito.

- Cambio de posto ou zona.

3.- FRONTE AS FALTAS MOI GRAVES.

- Cesamento total da colaboración durante todo o curso escolar.

En todo caso, segundo o recollido na **Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024:

*“As persoas elixidas como colaboradores poderán ser **relevadas polo Consello Escolar correspondente cando, ao xuízo deste órgano, perdan a idoneidade requirida para o efecto**”.*

Esta addenda foi presentada e aprobada no Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Vila de Cee, celebrado o 20 de novembro, e incluído dentro do Protocolo de comedor escolar.

Cee, 20 de novembro de 2023.

A Directora

María José Rodríguez Pérez